

Arte romano

- Arte romano → Triple base: A propia tradición romana
 - mundo etrusco
 - mundo grego
- **Toma dos etruscos:**
 - O seu carácter pragmático e supersticioso.
 - O culto aos mortos e os antepasados → Realismo nos retratos.
 - Uso do arco e da bóveda (os gregos non os usaban aínda que os coñecían)
- **Toma dos gregos:**
 - O arte helenístico en 1ª instancia polo contacto coa Magna Grecia e Sicilia.
 - O arte clásico cando conquistan a Grecia peninsular levando gran número de esculturas e pezas arquitectónicas a Roma (orixinais e copias)
 - Importación de grandes artistas gregos como escravos, así como de grandes pensadores como mestres das clases altas (superposición da cultura grega).
 - Adoptan e adaptan o Panteón grego e o combinan coas súas propias crenzas.
- **Características propias:**
 - Organización urbana e social e relixiosa → novas solucións para integrar todo o aprendido.
 - Gran interese polo retrato (aumentado polo contacto co Helenismo pero xa o tiñan eles de antes e xurde o Relevo Histórico como elemento formal.
 - Desenvolvemento da pintura (con fins funerarios)
 - Uso do Arte como Propaganda da grandeza do Imperio e do Emperador.

Arte romano


ARQUITECTURA

Características xerais da ARQ

- Usan o arco e a bóveda con influencia etrusca.
- Empregarán novos materiais constructivos (máis funcionais): o **formigón** (conglomerado de pedras, arena e cal; sinxelo de traballar porque é de fragua e moi duradero, pero de aspecto pouco nobre) e o **ladrillo** de adobe; reservan o mármore para recubrimientos ou para edificios moi puntuáis.
- Manteñen as ordes clásicas gregas pero con innovacións (o fuste dórico será liso e terá basa) e crean un orde novo propio, o toscano que é unha mezcla de xónico e corintio.
- Extenden o uso do arco e da bóveda por toda Europa → orixe do Románico...

PANTEÓN DE AGRIPA

- Templo romano de época imperial, feito en época de Augusto pero reconstruído a principios do século II (con Adriano de emperador)
- Adicado a tódolos deuses (propaganda de Augusto), orixinariamente era ás 7 divinidades celestes (Sol, lúa, Mercurio, Venus, Marte, Xúpiter e Saturno –os planetas coñecidos), que tiñan reservado cada un dos 7 ábsides.
- O autor non se coñece pero atribúese a Apolodoro de Damasco.
- Conta cunha ampla sala circular adosada ao pórtico dun templo clásico, o espacio circular cuberto por bóveda era habitual das termas pero era novidade usalo nun templo.
- A cúpula é semiesférica e sostense sobre un tambor circular, o uso de pechinas non se dará ata máis tarde.
- O corpo do edificio é un cilindro cuberto por unha semiesfera (a altura é a mesma que o diámetro –a esfera completa).
- A cúpula foi construída e elevada e mide 150 pies (máis de 40m)



PANTEÓN DE AGRIPA

- A fachada principal está orientada ao Norte e é de estilo clásico octástilo, en lembranza do templo orixinal (cuadrangular segundo o modelo clásico)
- A orde é corintia.
- No friso hai unha inscrición alusiva a Agripa (a mesma que no templo orixinal) en letras de bronce.
- O material basicamente é granito gris e vermello (alternancia) pero con toques de mármore nos capiteis
- A simboloxía é clara, trata de representar o mundo (tanto humano como divino), o mundo infralunar corresponde á metade inferior do edificio, mentres que o mundo supralunar (a esfera celeste), é a bóveda, na que o óculo central fai as veces de sol. Une aos homes coa divindade, encarnano esa unión no Emperador, que era proclamado un deus aos ollos do pobo.



MAISSON CARRÉ


- A Maison Carrée («*Casa Cuadrada*» en francés) é un templo consagrado ao culto imperial situado na cidade francesa de Nîmes, que data do ano 16 a.C.
- A estrutura é rectangular con cuberta a 2 augas. Todo o templo -típico romano- preséntase sobre un gran podio e a única escaleira de acceso está na fachada central, que da ao foro. Nos seus laterais, as columnas están adosadas ao muro da cella –que é o nome que reciben os recintos rectangulares reservados á imaxe da divindade dos templos romanos, etruscos e gregos- formando parte de este.
- É un edificio hexástilo e pseudoperíptero, xa que as columnas laterais van embutidas nos muros da cella. Segundo a súa decoración, é de orde corintio, e o material empregado é o mármore.



ARA PACIS

- É un monumento conmemorativo de principios do Imperio Romano, feito en Roma entre o 13 e o 9 a. C. tras o regreso de Augusto das súas vitorias en Hispania e as Galias xa que se consideraba iniciada unha etapa de paz e prosperidade (*Altar da Paz*)
- Adicado á deusa da Paz nos campos de Marte onde se debía celebrar un holocausto anualmente (sacrificarían un año e dous bois).
- Elaborado en pedra -mármore de Carrara-, ten pranta rectangular (11 x 10 x 4'60m) coa parte central descubierta, onde se asentaba o altar propiamente dito
- A decoración escultórica é rica e variada con frisos que recorren cada unha das paredes do altar: Alegorías da creación da Terra e da fundación de Roma nas fachadas onde están as portas e unha procesión das paredes laterais na que se representa ao Emperador e a súa familia con maxistrados e senadores.
- Obtén unha gran sensación de profundidade ao mezclar altorrelevos con baixorrelevos
- Moi influído pola Procesión das Panateneas de Fidias pero con maior orden compositivo e maior realismo e ao mesmo tempo moi influído polo arte helenístico coas alegorías e os retratos.
- É considerado o punto máis alto e máis evolucionado do mundo do relevo

Imaxes na seguinte diapositiva





Edificios civiles

- **Basílicas**. Eran pazos de xusticia e tamén lonxas: Tiñan planta rectangular co seu pórtico e naves (central y laterales) para o público, o transepto para os avogados e a ábsida para o tribunal.
- **Arcos de triunfo**. Adicados á honra dalgún vencedor, ata o Imperio destruíanse posteriormente (eran de madeira), despois fixéronse permanentes. Coa mesma función fixéronse **columnas conmemorativas**.
- **Termas**. Edificios de baños para o servicio público.
- **Anfiteatros**. Non coñecidos polos gregos. Eran de planta circular ou elíptica. (evolución dos **Teatros**)
- **Circos**. Para carreiras de carros (copiados dos gregos) pero tiñan unha espiña ou muro coroadado de estatuas ao longo da liña media.
- **Pontes e Acuedutos**. Para salvar ríos e aproveitar a auga.
- **Calzadas**. Ben fundadas e solidamente empedradas, partindo de Roma chegaban ata os extremos do Imperio coas súas *márgines* (beirarrúas) algo elevadas e as súas *columnas miliarias* para sinalar as distancias, presenza de pontes, etc...

ARCO DE TITO

- É un Arco de Triunfo sito no foro de Roma ao lado do Coliseo.
- Erixido no ano 82 d.C. e adicado á vitoria do Emperador Tito contra os xudeus e o saqueo de Xerusalén (ano 70 d.C.)
- Formado por un só arco de medio punto flanqueado por columnas de orde composto.
- No interior destacan os relevos decorativos alusivos ao saqueo.
- As figuras dos relevos están a medio camiño entre o real e o divino pero no mesmo plano (están na mesma imaxe deuses e humanos, como facían os gregos).
- O punto de encontro entre os dous mundos é unha “Vitoria” alada que lle coloca a coroa de laurel a Tito.
- O arco está apoiado nun podio sobre o que se atopa o corpo formado por unha bóveda de canón.
- Na parte superior, hai un friso cunha inscrición relativa ao éxito da campaña militar.
- Os arcos de triunfo serán unha icona do mundo romano, facíanse de madeira para conmemorar a chegada do exército vitorioso e logo, nas grandes celebracións facíanse con decoración e en pedra para que perdurara.
- Outros arcos de triunfo significativos son o de Constantino ou o de Septimo Severo.





Estado actual dos relevos




Outro exemplo: Arco de Constantino




ACUEDUTO DE SEGOVIA

- Os romanos eran case máis enxeñeiros que arquitectos e tiñan que dar servizo as grandes cidades nas que se baseaba a súa vida.
- Os acuedutos seguen o mesmo sistema que as pontes cunha sucesión de arcos e piares.
- O de Segovia é do s. I d.C. e está composto por sillares de granito.
- Toma a auga do río Frío a 16 km da cidade e alcanza un nivel de 30 metros.
- Os arcos teñen doelas trapezoidais en forma de arcos de medio punto rebaxados.
- Os sillares son Opus Quadratum colocados a Tizón (sen argamasa).
- Na parte superior, a zona por onde percorre a auga empregouse o pó de ladrillo e tellas no que se incrustan teselas –de cores- como aillante.
- A decoración está presente no piar central (con nichos para esculturas) e na combinación de orden e proporcións (a repetición vano-macizo e a sucesión “interminable” de arcos).
- É unha obra urbana combinada coa natureza



ANFITEATRO FLAVIO

- Arquitectura civil romana.
- Construído no 70 d.C. por Vespasiano reconstruindo o que ardeu no 29 a. C.
- Nerón apropiouse do terreno tras o incendio de Roma (64) e construíu alí o seu pazo, unha gran lagoa artificial e unha estatua *colosal*.
- Vespasiano e Tito destrúen estas obras - pero conservan o Coloso- e constrúen escolas de gladiadores, etc.
- Foi sufragado en parte co botín como xeneral do Emperador → Interpretase por iso o Coliseo como un gran monumento triunfal.
- Situado no centro da cidade e nos terrenos expropiados por Nerón, achegaba o edificio aos cidadáns.
- Albergaba “*venationes*” (peleas de animais), “*noxii*” (execucións de prisioneiros por animais), “*munera*” (gladiadores) e “*naumachiae*” (batallas navais, seguramente nos primeiros momentos antes de desenvolverse os sótanos)



ANFITEATRO FLAVIO

- Non se coñece o nome do arquitecto (o habitual na arq romana) pero se fala de Apolodoro de Damasco, aínda que sen moita credibilidade.
- A inauguración foi no ano 80 por Tito (fillo de Vespasiano morto o ano anterior) que tivo que rematar o terceiro nivel. O último Emperador dos Flavios, Domiciano, remodela o edificio construíndo o hipoxeo (a rede de túneis e estancias baixo a arena)
- Capacidade para 50000 persoas.
- Nos distintos espectáculos tódolos cidadáns do Imperio tiñan asento reservado, sendo os patricios os que acudían nas primeiras datas e ata tiñan unha inscrición co seu nome nas bancadas.
- Consta de 3 pisos superpoñendo os órdenes arquitectónicos, no piso inferior empregan o orden composto, o medio a orde xónico e no superior o corintio → copiado no Renacemento.
- Tiña abundante decoración escultórica tanto no interior como no exterior, baixo cada un dos arcos exteriores había unha ornacina que albergaba unha estatua.



Vista exterior, distintos niveis de conservación de fora cara dentro



O foxo baixo a area, cos seus corredores e estancias




Sistema de elevadores desde o foxo (gladiadores, animais...) á area



Vista da Cávea desde o interior

BASÍLICA DE MAXENCIO

- Edificio público grego e romano que en xeral facía as funcións de tribunal ou centro de negocios.
- Situada no foro de Roma, a súa forma foi copiada polos cristiáns para as primeiras igrexas (3 naves).
- Iniciada por Maxencio en 306 (Majencio) e rematada por Constantino en 312 d.C.
- A nave central medía 35m sendo un pouco máis alta que as laterais e tamén un pouco máis ancha, e 80m de largo.
- Cuberta por bóveda de aresta con contrafortes, o espacio lateral pechado e cuberto con bóveda de canón para aproveitar os distintos espazos.
- A forza dos grandes muros e dos contrafortes permiten abrir portas entre estas estancias laterais para poder acceder a elas sen estorbar os xuízos (que se facían na nave central=
- A iluminación era natural aproveitando a disimetría de alturas.
- No interior había abundante decoración con columnas de mármore con finalidade unicamente estética, estatuas de mármore e bronce e con decoración no artesanado das bóvedas de canon (dobre función: decoran e alixeiran o peso da bóveda)



Arte romano

ESCULTURA

Exemplos de escultura etrusca



Loba capitolina



Quimera de Arezzo

Sarcófago de Cerveteri →



AUGUSTO DE PRIMA PORTA

- Estatua de bronce (non conservada) de Augusto, chegou a nos unha copia en mármore que aínda conserva a policromía e que está no Vaticano.
- Feita no 19 d.C. a petición de Livia (a esposa)
- Imaxe idealizada sobre todo na expresión facial (**IMP. PQ É MÁIS HELENÍSTICO QUE ROMANO**) do Emperador baseada no Doríforo de Policleto.
- É un retrato (típico romano) de corpo enteiro co Emperador personalizado como **thoracatus** (xefe máximo do exército de Roma) Sostén nunha man o bastón de mando consular e na outra amosa a coroa de laurel ás tropas. É un claro **instrumento de propaganda** tal.
- A coraza contén relevos alusivos a Marte (deus da guerra) e personificacións dalgúns territorios conquistados por Augusto (Hispania, Galia e Partia –aparecen os persas devolvendo os emblemas das lexións romanas que roubaran anteriormente-)
- Retratado descalzo como os heroes ou deuses.
- Unha pequena estatua de Cupido sobre un delfín abraza a perna simbolizando a divindade do Emperador: Cupido segundo algunha mitoloxía romana era fillo de Venus e de Marte → Venus era a nai de Eneas → antepasado de Rómulo e Remo.



MARCO AURELIO A CABALO

- Escultura romana: Estatua ecuestre de bronce de 3 metros de altura. Datada no século II (153 d.C.)
- Representa ao emperador Marco Aurelio a cabalo.
- O tema central é o poder militar do emperador (Estatua de gran tamaño) e ao mesmo tempo a grandeza divina deste (xesto de clemencia coa man)
- Os textos din que había un bárbaro caído ante o cabalo ao que lle tende a man → Emperador victorioso pero que transmite unha imaxe de paz (non leva armas)

CONTINÚA





- O retrato ecuestre era moi habitual pero a maioría se fundiron para reutilizar o bronce para moedas ou outras estatuas, ou na Idade Media os cristianos as destruíron por ser ídolos paganos, de feito esta é a única estatua de bronce dun emperador romano precristiano que chegou aos nosos días.
- O pedestal e obra de Miguel Ángel e tanto o pedestal orixinal como a figura de bronce orixinal está actualmente no Museo Capitolino quedando na praza pública unha réplica para mellorar a súa conservación.

A COLUMNA TRAXANA

- Monumento conmemorativo erixido en Roma polo emperador Trajano conmemorando a súa vitoria fronte aos Dacios (na actual Rumanía)
- Rematouse no ano 114 d.C., mide 30m de altura (100 pes, foi chamada “A centenaria”) e está percorrida por un friso historiado contínuo de baixorrelevos relativos ás vitorias nas dúas guerras.
- Composta por 18 tambores (cada un dos bloques de mármore de Carrara) de 4m de diámetro e 40 Tm.
- O friso mide case 200m (a descrición do relevo está na seguinte diapositiva)
- Orixinariamente, a columna estaba rematada coa estatua dun águila (símbolo imperial) e máis tarde colocouse unha estatua do propio Trajano pero en 1588, por orden do Papa, cambiouse por unha estatua de San Pedro –a que está actualmente-
- Trala morte de Trajano, no 117, o Senado puxo as súas cinzas nunha urna de ouro na base da columna – está oca por dentro e ten unha escaleira helicoidal para subir- pero non se conservan.



O relevo da Columna Trajana

detalles na seguinte diapositiva

- Relevo escultórico romano.
- Narra 2 campañas de Trajano contra os dacios, na metade inferior está a 1ª (101-102) e na metade de arriba a 2ª (105-106); entrambas hai unha Vitoria.
- Orixinalmente policromado.
- Formalmente non é “perfecta” porque ten carácter de crónica → non importa a técnica senón a mensaxe (por exemplo usa distintos tipos de perspectiva na mesma escena)
- Emprega un linguaxe metafórico, non só na representación dos deuses, senón por exemplo, na personificación do Danubio como un anciano.
- A crónica desenvólvese de forma helicoidal e cronolóxicamente, narrando escenas moi diversas das campañas dacias entre as que atopamos a vida no campamento, a construción dun acueduto ou o asedio a unha cidade.
- Hai un total de 2.500 figuras humanas: o emperador aparece 59 veces e sempre visto de forma realista, non sobrehumana; de feito, o relevo é unha valiosa fonte de información sobre o exército romano.



Os relevo da Columna Trajana



Outro exemplo de Columna conmemorativa

- A Columna de Marco Aurelio está na Piazza Colonna (Roma)
- Construído entre o 176 e 192 para conmemorar as vitorias contra os xermanos.
- É unha columna ecuestre de orden dórico



Arte romano

PINTURA

Pintura romana → POMPEYA

- O **primeiro estilo** (de incrustacións) abarca do 200-90 a.C.. Imita un revestimiento de losas de mármol sobre un zócalo alto, atópase nas grandes casas pompeyanas e ten a misión de revestir con estucados los nervios arquitectónicos.
- O **segundo estilo** (estilo arquitectónico) abarca do 80 a.C. ata finais do século I a.C. Imita unha parede de bloques cuadrados e na parte lisa abrense vistas arquitectónicas e paisaxísticas, introducíense cadros e a composición enriquecese con estatuas, figuras humanas, etc... Representa unha interpretación romana da arte helenística como se os pintores reproducisen escenas teatrais.
- O **terceiro estilo** (ornamental) abarca desde finais do século I a.C, a mediados do século I d.C. Caracterizada por unha predilección pola ornamentación polícroma e a finura na execución dos detalles co estilo propio das miniaturas.
- O **cuarto estilo** (fantástico) abarca do 34/35 ás últimas décadas do século I d.C. Representa un desenvolvemento do estilo anterior e consegue efectos atmosféricos na visión global dos ambientes.

Ver presentación específica coas imaxes